

DOCUMENTO EXPLICATIVO

Xeración EMPRENDE

A Ruta Rural do Emprendemento Xuvenil

**Programa de emprendemento rural da
Dirección Xeral de Xuventude**

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

**DESAFIOS
JOVENS**



**XUNTA
DE GALICIA**

Xacobeo  **2027**

España – Portugal

Cámara
Santiago de Compostela

ipdj INSTITUTO PORTUGUÊS DO
DESPORTO E JUVENTUDE

fnaj
Federación Nacional das
Associacións de
Novas Xeracións

 **INSTITUTO DO EMPREGO
E FORMAÇÃO PROFISSIONAL**

PRESENTACIÓN DA CAMPAÑA

A campaña de promoción itinerante Talento Rural Galego impulsada pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, ten como finalidade achegar o emprendemento á xuventude e ás mulleres do territorio rural galego. A través dela percórrense distintos concellos de Galicia ofrecendo experiencias participativas, microasesoramentos personalizados e accións de dinamización dirixidas á mocidade.

Ademais, complementa esta intervención cun programa de formación en liña e culmina coa participación no evento *Xuventude na Onda*, un espazo de encontro, aprendizaxe e intercambio de experiencias.

Ata outubro de 2026 achegarase a campaña a distintos concellos, centros escolares e espazos xuvenís de Galicia, promovendo que o público obxectivo poida participar nas diferentes actividades lúdico-formativas previstas. Unha mostra das actividades pode consultarse no presente documento. Así mesmo, cómpre sinalar que a participación nos diferentes obradoiros e xogos será reforzada coa entrega de agasallos.

Dentro da programación realizaranse as intervencións nas catro provincias galegas, que terán unha duración máxima de 4 horas continuadas (nalgúns concellos serán de 2h).

Desde Marexada, empresa encargada da xestión deste servizo, elaborárase e farase chegar cartelería da actividade aos concellos ou institucións onde se implemente a intervención. Neste senso, coa finalidade de dar maior visibilidade á campaña e que esta logre un maior alcance, agrádese que o material de difusión creado sexa impreso e colocado en lugares visibles e/ou transitados do concello ou institución.

Seguidamente indicamos as necesidades para a montaxe e a descrición das actividades que se levarán a cabo.

NECESIDADES PARA A MONTAXE DO ESPAZO EDUCATIVO

A campaña está deseñada para executarse en espazos exteriores a través da montaxe dun posto cunha furgoneta, unha carpa e os materiais necesarios para realizar a actividade.

A continuación indícanse as necesidades de montaxe do espazo, que deberán ser confirmadas con antelación á data fixada para levar a cabo a intervención:

- Para a montaxe do posto precísase dun espazo mínimo de entre 50 - 60 m². Solicítase, polo tanto, un espazo igual ou, preferentemente, superior ás medidas citadas.
- No caso de non poder contar cun espazo desas dimensións, existe a posibilidade de reducir as medidas da montaxe, avisando de forma previa para poder modificar a instalación.
- Así mesmo, naqueles supostos nos que a montaxe en exterior sexa inviable por inclemencias climáticas ou por necesidades do servizo, contéplase a opción de levar a cabo a intervención nun espazo interior sen a montaxe da carpa e sen a colocación da furgoneta.
- En todos os casos, para a colocación do posto, precísase dun terreo plano e regular (preferiblemente de cemento ou similar).
- Para realizar a montaxe, precísase que o acceso ao espazo facilitado sexa o suficientemente amplo para chegar cunha furgoneta de grandes dimensións.
- A montaxe e desmontaxe do posto está prevista para realizarse nunha (1) hora cada unha. Polo tanto, precísase que a localización elixida estea despexada, polo menos, unha hora antes do inicio da intervención.
- Por último, podería precisarse dun punto de luz (conexión eléctrica).



ACTIVIDADES

A continuación amósanse as actividades que van a realizarse durante a intervención. Estas adaptaranse ao tempo dispoñible para a participación.

Co obxectivo de facilitar ás persoas que se acheguen ao posto información sobre emprendemento, empregabilidade e mentorizaxe así como sobre os diferentes recursos, servizos e programas, levaranse a cabo as seguintes actividades:

O NORTE DO TEU TALENTO



Microexperiencia participativa na que as persoas constrúen un mapa rápido do seu talento. A actividade axuda a identificar capacidades e fortalezas, recoñecer aquilo que as fai diferentes, reflexionar sobre as barreiras ou motivacións que inflúen nas súas decisións e definir unha acción concreta para poñer en valor o seu potencial. O obxectivo é promover unha visión positiva e práctica do talento persoal, favorecendo a reflexión e a activación inmediata cara á acción.


DERRUBA OS LÍMITES

Experiencia participativa e simbólica que invita a identificar e cuestionar crenzas limitantes e bloqueos emocionais que poden dificultar o seu desenvolvemento persoal e profesional. A través dunha dinámica visual e interactiva cun arco, frechas e unha diana que representa diferentes barreiras habituais, as persoas participantes reflexionan sobre os seus propios límites e reformulan esas crenzas desde unha perspectiva máis positiva e posibilitadora.



E AGORA QUE FAS?

Experiencia participativa baseada nunha ruleta de decisións que presenta situacións reais vinculadas ao emprendemento rural. As persoas participantes enfróntanse a diferentes retos e imprevistos que deben resolver de forma rápida, explicando como actuarían en cada caso. A dinámica fomenta a análise de situacións reais e a toma de decisións en contextos de incerteza. Ademais, inclúe unha breve intervención de mentorizaxe que achega orientación, alternativas e reforzos positivos, favorecendo a aprendizaxe aplicada e a autoconfianza. A actividade contribúe ao desenvolvemento de competencias clave como a resolución de problemas, a comunicación, a adaptabilidade, o pensamento estratéxico e a capacidade de acción.



O MERCADO DAS IDEAS



Experiencia que convida a xerar ideas emprendedoras a partir da combinación aleatoria de retos do territorio e conceptos vinculados ao emprendemento. Mediante unha dinámica lúdica baseada no lanzamento de dados, as participantes desenvolven propostas breves de produtos ou servizos, estimulando a creatividade, a innovación e a capacidade para identificar oportunidades. A actividade complétase cunha breve intervención de micromentorizaxe que axuda a dar forma ás ideas e explorar o seu potencial como proxectos reais. As propostas compártense nun espazo común, favorecendo a inspiración mutua, a aprendizaxe colectiva e unha visión práctica do proceso emprendedor.

CONTINUIDADE DO PROGRAMA

Formación en liña

Co obxectivo de garantir continuidade, acompañamento e impacto real máis alá das intervencións presenciais, o programa contará cun espazo virtual de formación e activación profesional. Este espazo permitirá que as persoas participantes continúen o proceso iniciado no posto itinerante, accedendo a formación flexible, recursos prácticos, acompañamento técnico e conexión con outras persoas do territorio. O campus estará deseñado cun enfoque accesible, dinámico e motivador, adaptado ás necesidades da mocidade e das mulleres do rural galego.

Ademais, as persoas participantes poderán desenvolver unha idea, proxecto ou itinerario profesional propio mediante un proceso guiado paso a paso. O obxectivo é que cada participante remate o programa cunha folla de ruta clara, realista e adaptada ás súas capacidades e intereses. Ao rematar o programa, durante o evento final, as persoas autoras dos tres mellores proxectos recibirán un agasallo e un recoñecemento especial polo traballo desenvolvido.

Presencia en



É un evento aberto ao público que pon o broche final ao proxecto, combinando difusión, participación, inspiración e recoñecemento nun mesmo espazo.

Durante a xornada presentarase o posto da campaña de promoción itinerante.

O evento incluírá tamén a entrega de diplomas e premios dirixidos ás persoas que realizaron a formación online, recoñecendo o seu esforzo, implicación e aproveitamento do itinerario formativo.

Ademais, realizarase unha entrevista aberta ao público cunha persoa referente nos ámbitos do emprendemento, a creatividade, a innovación ou a creación de contido, que compartirá a súa experiencia persoal e profesional, achegando unha visión próxima e inspiradora sobre os retos, oportunidades e aprendizaxes asociados ao desenvolvemento dun proxecto propio.

CONTACTO

Marexada. Deporte, lecer e cultura S.L.

Email de contacto: intervencion@marexada.es

Teléfono: 676 003 386



MAREXADA

deporte lecer e cultura